

## **IV PREMIO JESÚS GARCÍA CALVO DE INVESTIGACIÓN EN DESENVOLVEMENTO RURAL E COOPERATIVISMO**

### Entidades convocantes

O “Premio Jesús García Calvo de investigación en desenvolvemento rural e cooperativismo” é convocado conxuntamente, con carácter anual, polo Instituto Universitario de Estudos e Desenvolvemento de Galicia (IDEGA) da USC e a Fundación Feiraco.

Neste ano 2017 convócase a cuarta edición.

### Finalidade

Premiar aqueles traballos de investigación que contribúan ao mellor coñecemento e ao desenvolvemento do medio rural e o cooperativismo en Galicia, co obxectivo último de mellorar as actividades económicas e a calidade de vida da poboación rural.

### Requisitos para concorrer

O Premio ten dúas modalidades:

- A. Textos (artigos, libros e capítulos de libros) publicados en revistas científicas ou en editoriais recoñecidas, entre o 15 de outubro de 2016 e o 14 de outubro de 2017.
- B. Teses de Doutoramento, Traballos Fin de Mestrado e Traballo Fin de Grado presentados en calquera Universidade, entre o 15 de outubro de 2016 e o 14 de outubro de 2017, con dúas categorías:
  - b.1 Teses de Doutoramento
  - b.2 Traballos Fin de Mestrado e Fin de Grado

A temática debe estar relacionada co desenvolvemento do medio rural e/ou o cooperativismo en Galicia.

Os textos poderán estar redactados en calquera idioma.

### Presentación de candidaturas

As candidaturas serán presentadas polos autores dende 1 de setembro ata o 15 de novembro de 2017, na Secretaría do IDEGA en horario de 9 a 14 horas, ou ben enviadas por correo a: IDEGA – Avda. das Ciencias, Chalet nº 1 Campus Vida -15782 Santiago de Compostela.

A documentación presentada deberá incluír:

O texto completo en papel da publicación ou traballo de investigación indicando o autor ou autores , así como tamén a copia dixitalizada en formato USB ou ben o enderezo electrónico ou link en que poida ser descargada.

### Composición do xurado

O Xurado estará composto polos seguintes membros:

- O Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, que o presidirá.
- O Presidente da Fundación Feiraco.
- O Director do IDEGA, que actuará de secretario.
- Un membro do Consello Científico do IDEGA, designado por este.
- Un membro designado pola Fundación Feiraco.
- Tres expertos de recoñecido prestixio no campo do desenvolvemento rural e o cooperativismo en Galicia, designados de común acordo entre o IDEGA e a Fundación Feiraco.

### Resolución do Premio

O Xurado concederá o premio en cada unha das dúas modalidades establecidas, podendo este ser declarado deserto se a maioría considera que ningunha das candidaturas reúne o nivel necesario.

Cada membro do xurado seleccionará unha contribución en cada modalidade. Entre as elixidas efectuaranse sucesivas roldas de votación, eliminando en cada unha delas aquela que teña menor número de votos. Na votación final entre as dúas contribucións finalistas determinarase a premiada por maioría simple.

O fallo farase público antes do 20 de decembro de 2017

### Dotación

- Modalidade A: 1.000€
- Modalidade B:
  - b.1 1000 euros
  - b.2 500 euros